A ASOCIACIÓN CULTURAL EXAPRIN RIBADAVIA.

Nostalxias dos anos sesenta e setenta.

Por: Secundino Lorenzo Fernández e Andrés Andrade Rodríguez

No salón de actos do centro. Lembro que se facían aparte dos actos oficiais algunhas representacións e festivais.

Todo pasou, ou polo menos así está na nosa imaxinación, entre os anos 1967 e 1977 no Ribeiro en Ribadavia (Ourense). Por aqueles anos 1967 o actual instituto IES O Ribeiro era Instituto Técnico de Enseñanza Media de Ribadavia. Naquel centro estudiaba Andrés, sin duda un dos responsables deste movemento que se está a dar estos anos; e deu clases, dende 1968 ata 1977 Secundino Lorenzo como profesor de Matemáticas.

Foi o meu primeiro destino, dice Secundino, neste caso como Profesor Interino de matemáticas, onde estuven nove anos; logo estaría dous anos na Isla da Palma en Tenerife e 27 anos no IES As Lagoas de Ourense.

Xa pasaron máis de corenta anos e en moitos daqueles alumnos e alumnas, profesores e profesoras, compañeiros non docentes do centro, e a nostalxia empeza a aflorar con moita forza, polo menos no noso caso. Xa era tempo de facer certa aquela promesa realizada os alumnos en 1976 polo profesor Secundino de que, cando se xubilara, trataría por tódolos medios de volver a xuntalos. A pre-xubilación xa chegou no 2005 e dende o ano pasado, que fixemos a 1ª Xuntanza, estamos, man a obra, para volver a repetir xa a 2ª Xuntanza. No ano 2008 reuníronse sobre oitenta compañeiros e este ano penso que pasaremos dos cen.

Sairon xa 465 cartas explicando esta xuntanza e solicitando dos compañeiros que se inscriban como socios da Asociación recentemente constituida.

Pero, que nos move a estas xuntanzas? , que hai detrás deste movemento de masas bastante atípico e sin moito parangón nos tempos que corren?. Cales son os fíos deste entusiasmo que se ve na xente?. Cal será o futuro?.

Asociacion Cultural EXAPRIN

Instituto Técnico de E. Media de Ribadavia. 1958.



No centro había un tractor para as labores agrícolas, talleres de electricidad e carpintería, laboratorios, etc.



Con este cadro de Aureliano de Beruete y Moret montouse unha boa discusión no foro da web. Este e un dos moitos obxectivos da Asociación Cultural Exaprin Ribadavia.

Unha das fotografías enviadas.
Autenticas xoias da época...

Grupo de alumnos amigos, nunha das festas que había na bisbarra.



Instituto Técnico de E. Media de Ribadavia. 1958.

Los Cisnes de Ribadavia un grupo musical dos anos 70. Neste grupo tocaban algúns alumnos do instituto. É normal que aparezan comentarios na web sobre este sensacional grupo.

Alumnos do instituto nos alrededores do río Avia.

Alumnos nunha actividade que se facía tódolos anos, era un clásico: O Magosto.

Na fotografía dos anos 60 un grupo de alumnos plantando pinos nos montes de Cenlle a beira do río Miño no que logo sería o encoro de Castrelo.

A asociación Cultural Exaprin Ribadavia aglutina como indica o nome a ex-alumnos, ex-profesores e persoal non docente do instituto de Ribadavia da década 1967-1977 que foi, salvo o ano 1967 no que o profesor Secundino Lorenzo estuvo no centro. Trátase polo tanto de aglutinar a alumnos e profesores da aquela década cós fins, según os estatutos, "simplemente de manter a memoria daqueles anos tanto no centro como na bisbarra de Ribadavia e o mismo tempo transmitir as novas xeracións o patrimonio oral e escrito de canto contribúa a historia de Ribadavia así como o instituto citado e a súa proxeción social". A Asociación está aberta a outros alumnos e inspírase no principio de máxima economía de medios, polo que non ten cuotas de ningún tipo.

A Asociación conta xa cunha páxina web xa consolidada no ciber espacio www.iribeiro.es, con máis de 16.000 entradas neste momento e abarcando unha chea de temas que van dende a historia do instituto, un archivo marabilloso de fotografías, un caixón de sastre de música e as cancións daquela época, outro de curiosidades e anécdotas tanto do centro como de Ribadavia e un foro animadísimo, onde se escriben sobre as lembrazas daquela época, así: anécdotas cós profesores, festas, grupos musicais da época como Os Cisnes, lugares emblemáticos e onde se reunía a xuventude como o Kopa Club, comentarios sobre xente especial de Ribadavia como a Caiña e o Xavier de Quins, asuntos de historia como o pasadizo que dicen que existe por baixo de Ribadavia, un misterio por resolver; a feira do Ribeiro e moitos, moitísimos temas que irán saíndo o longo dos próximos meses...

A páxina tamén permite que os compañeiros manden fotografías, a maioría auténticas xoias da época, onde inda non existían, por suposto, as cámaras dixitais actuais e comenzaban a verse as primeiras réflex.

Está tendo moito éxito esta páxina, primeiro pola participación e os traballos de calidade e tamén polo foro que sempre está moi animado. Pero que hai detrás deste movemento? , cal é o fio conductor?

En primeiro lugar e como base o centro de ensino. Un centro que ata 1968 foi Instituto Laboral con todo o que supoña un centro público nunha bisbarra como o Ribeiro. O centro tiña a modalidade Agrícola-Gandeira e suposo un pulo para uns tempos grises en España e Galicia como foron os anos 1950 a 1960.

O centro tiña unha media de douscentos alumnos, todos do Ribeiro e alrededores.

No ano 1975 pasaría a ser Instituto Nacional de Bachillerato de Ribadavia é o único centro público da Provincia de Ourense, quitando a capital. A media de alumnos rondaba os trescentos. Neses anos, que son os que interesan neste traballo, o centro sufriu moitas transformacións sobre todo no profesorado xa que a partir de 1968 fóronse incorporando licenciados especialistas nas distintas materias que supuxeron un pulo extraordinario no funcionamento do centro.

Eran tempos duros, dice Andrés, nos que as familias tiñan que facer auténticos milagros para saír adiante. Moitas veces os rapaces tiñan que traballar algo na casa, ó saír do centro, sobre todo nos tempos da vendima. Efectivamente esto facía, según Secundino, que o nivel humano foxe doutra calidade, en xeral gardo moi bon recordo dos alumnos tanto humanamente como intelectualmente, había moita ilusión e moitas ganas de facer cousas. O final os resultados chegaron, hoxe dentro dos alumnos hai de tódalas profesións e a maioría foilles ben na vida e lembran aquela época con cariño e agarimo.

Había bastante respeto e en xeral casi unha ausencia absoluta de conflictos graves e que conste que fun seis anos o Xefe de Estudios e os meus datos son de primeira man, dice Secundino. O peor a masificación dos alumnos nunha clase onde moitas veces pasaban dabondo dos 45 alumnos. Tamén a falta de material e unha biblioteca absoleta nos primeiros anos. Lembro dice Secundino que fixemos un lista moi ampla tódolos departamentos didácticos, de aqueles libros imprescindibles para os alumnos, tanto a nivel técnico como humanístico. O final saíu unha lista moi extensa que fomos traendo da "Librería Tanco de Ourense", os poucos, para a biblioteca. Hoxe, que por suposto xa está moi ampliada, pero a bilioteca do IES O Ribeiro é unha marabilla, e ten exemplares de libros curiosos e que chaman a atención sobre todo pola data de adquisición; pero as cousas foron como as conto...

Dice Andrés "Hoxe os profesores téñenlle medos os alumnos, son 20 en cada aula e non se entenden, e nos as veces éramos 60 e formábase unha gran familia, había algo moi distinto que xa non se percibe".

Eu, dice Secundino, non tuven ningún problema como profesor nos nove anos que estuven no centro e repito gardo grandes recordos, tanto humanamente como intelectualmente, e podo decir que os resultados tanto nas reválidas que había en Tuy como no Preu e no Cou eran extraordinarios en xeral.

Hai polo tanto detrás destas xuntanzas varias cousas: en primeiro lugar o centro e a procedencia dos alumnos, o que se chama "bon rollo" daqueles tempos e, que no fondo, non é máis que un respeto mutuo a clásica frase coa que eu sempre comencéi os cursos de facer ver o alumnos "*que deben tratar o profesor como a nos nos gustaría que nos tratasen e o revés o profesor o alumno do mismo xeito*". Logo, moi importante, a profesionalidade e o amor ó que se fai. Recordábame un alumno que vive actualmente en Madrid, Angel, e que non se vai perder as xuntanzas que estamos a promover *"nunca esquecerei as clases extras que vostede daba para que fóxemos ben preparados as probas de grado; esa profesionalidade é difícil de ver"*. Simplemente ganas de facer ben as cousas e amor o que se fai. Tamén resaltar entre os compañeiros a amistade e o respeto tanto en alumnos como entre profesores. Creo que de todo esto había grandes dosis naquela época.

O ambiente que se respira agora nos colexios e centros, dice Andrés, non ten nada que ver co de entón. Os nenos eramos máis trastes, unha vez ata chegamos a cortar a luz nunha festa en Carballeda de Avia, unha pequena broma. Pero non eramos malos rapaces. Hoxe os profesores téñenlle medo os alumnos, daquela en algunha clase pasábamos de 50 e non pasaba nada, había algo moi distinto que hoxe, e esto vémelo polos nosos fillos , non se percibe. ¡ Como non vamos querer revivir todo aquello outra vez!.

A consideración que a sociedade en xeral tiña do profesor, dice Secundino, foi a menos. Lémbrome de que nos tratábamos con respeto e amabilidade en xeral: "eu ata saía, as veces, de pesca cos meus alumnos; hoxe eso sería impensable.". O Mestre e o profesor era como un segundo pai, agora ninguén os ve así. Hai que recuperar aquela sensación, hai que darlle a enseñanza un pulo distinto, é a base dun país. Hoxe que estamos nunha crisis moi grande, xa moitos entendidos realmente están a decir que a saída rapida dunha crisis é a innovación, esto xa se sabe fai tempo, ver algúns paises como Suecia por poñer un exemplo; pois ben esta innovación é imposible sin unha boa base na escola, logo nos institutos e unha universidade de altura. Dende fai xa uns anos os niveis baixaron moito e a educación pasou a un segundo plano.

Pois ben, para rematar facer mención de que o feito é que hoxe temos constituida xa unha Asociación Cultural que utilizamos como base de recollida de datos, xa temos 465 censados o que vai a suponer que saldrán ese nº de cartas a outros compañeiros os que se lle vai ofrecer, aparte de formar parte da Asociación unha invitación a 2ª Xuntanza. A Xuntanza farémola o pé do río Avia, na Veronza, o día 30 de maio do 2009.

Pretendemos que as nosas xuntanzas sobrevivan moitos anos.

No sentir da maioría temos unha sensación de estar a facer algo distinto e algo que terá éxito e que se poderá seguir facendo moitos anos, incluso faltando as persoas.

Non coñecemos antecedentes de xuntanzas deste estilo, sí que se veñen facendo celebaracións do 25 ou 50 aniversario pero esto é distinto, pretendemos facer unha xuntanza cada ano e penso que o vamos a conseguir.

Nota final

A primeira frase o principio deste texto vennos o pelo para animarnos, algúns poderían considerar que esta reunión era un imposible, pero nós non o sabiamos, por eso xa no 2008 o fixemos...e seguro que este maio do 2009 vamos a duplicar na xuntanza o número de compañeiros...

A segunda frase é unha tautoloxía, inda que moita xente non se dea conta...Trátase da tautoloxía que move e fara mover no futuro, espero que moitos anos, a Asoc. Cult. Exaprin Ribadavia.

Non queremos esquecer que para que todo esto funcione fai falta a colaboración de moita xente, graciñas a Mª José, Paz, Lula, Menacho, Álvaro, Amando, José Luis, Julio Puentes, Julio Freijido, Rogelio, Mimiá e outros moitos que se irán incorporando, polos vosos consellos, as vosas ideas, as aportacións e o pulo que estades dando a esta iniciativa.

Escudo da Asoc. Cult. Exaprin Ribadavia: o centro, as uvas do Ribeiro, Ribadavia e moita historia...

Na fotografía, aparte do instituto, vese o lugar, o pé do Avia, onde está ese circulito de fume, onde se fará a Xuntanza este ano. Saen señais de fume, dice Álvaro, e tanto...

Parte dos compañeiros que asistiron a 1ª Xuntanza. Grupo 1

Os membros da directiva da actual Asociación Cultural Exaprin Ribadavia: Julio, Secundino, Lula, Andrés, Paz y Mª José.

Compañeiros que asistiron a 1ª Xuntanza. Grupo 2. Maio do 2008

Reunión en Celanova previa a constitución de Exaprin. Na fotografía Andrés, Álvaro, Secundino, Rogelio e Miguel Menacho que teñen moití-simo que ver con este movemento.